



**MARCELINO GÓMEZ ARIAS (1880-1924): UNHA LOITA POLA REPÚBLICA E O AGRARISMO ENTRE AMÉRICA, PORTUGAL E GALICIA.**

*Perfecto Ramos Rodríguez*

Na charla que celebraremos na sede do Instituto de Estudos Miñoranos, faremos, por primeira vez dende o seu pasamento hai oitenta e sete anos, un repaso dó que foi a vida e a obra deste persoeiro; un dos que máis destacaron na loita pola república e os dereitos dos agrarios nos primeiros anos do século XX.

A pesar de que todo o seu pensamento, o acontecer diario relativo a situación política española, e toda a súa actividade levada a cabo en América, Portugal e Galicia eran reflectidos día tras día nas súas publicacións; coa súa prematura morte todo caeu no esquecemento total.

O seu pasamento chegou cando inda non cumprira os 44 anos, despois dunha persecución sen límite polo caciquismo. Durante a súa curta, pero intensa vida, fundou partidos e organización agrarias, participou na Revolución Uruguia de 1904, na revolta republicana en Galicia en 1905, na Revolución Republicana Portuguesa de 1910, autor de múltiples obras e artigos sen conta, fundador dos xornais: *La España Moderna* (Arxentina), *La España Moderna* e *El Clamor Español* (Lisboa), *Tierra Libre* e *El Amigo del Pueblo* (Galicia); presidente da *Sociedad Española de Artistas Notables*; fundador, xunto cos mais destacados personaxes da cultura española, da *Liga para a Defensa dos Dereitos do Home*; impulsor da unidade dos republicanos españois, e unha loita diaria sen cuartel en pro da República, os dereitos dos agrarios e contra do caciquismo.

A recuperación, despois de varios anos de traballo, deste valioso material, axudaranos a coñecer mellor o noso pasado inmediato e, o mesmo tempo, homenaxear a figura de Marcelino Gómez Arias pola dedicación da súa vida na procura da xustiza e da igualdade social.